José Rodríguez de Vicente

BAYONA 15 d-Outono do 1921

O irmán D.

Lois Ares

Betanzos

Querido irmán:

Supoñolle enteirado do meu proieuto pol-os irmans Mosteiro e Cortiñas e cumpro co deber de cumunicarlles que d-acordo ourensans e pontevedreses, creendo contar coa confianza de todolos irmans, e pra evitar dilaciós i-outras dificultás, d-un batido, costituímos a "R. G." (prohibido darlle a estas letras outro sinificado que "Renacenzia Galega")

As bases son: toda a direición i-a responsibilidade úneca levaráas un Presidente elexido por seis meses, sin que poda reelexirse. Baixo d-il, un Consello de catro membros.

Ben medido e pesado todo, eleximos primeiro Presidente n-istes seis meses a Vicente Risco. Pídoche me mandes a adhesión vosa â R. G.

Advirtolle que n-esta orgaización ficon

dende logo subsistentes as autuás Irmanda-
des e asociaciós, na mesma forma que
teñen.

As adhesiós prégolle mas mande fir-
madas por todol-os qu-asintan â nosa ideia
e nomeamento feito.

Non debe darse a isto publicidade de
ningunha clás, e somentes debe ser comunica-
do ôs bós e xenerosos.

Encarecendolle toda a autividade po-
sibel apertall-as mans seu irmán na
santa causa

José Rodriguez de Vicente

¡Patrea ceibe!